

O COMENTARIO CRÍTICO

I. QUE É?

II. COMO SE FAI UN COMENTARIO CRÍTICO?

II.1 PREPARACIÓN DO COMENTARIO

II.1.1 Que di o texto?

II.1.2 Que opino sobre o texto?

II.1.3 Como expreso a miña opinión?

II.2 REDACCIÓN DO COMENTARIO

II.2.1 Cohesión

II.2.2 Adecuación

II.2.3 Coherencia

II.2.4 Corrección léxica

II.2.5 Corrección morfolóxica

II.2.6 Ortografía e puntuación

II.2.7 Presentación

III. TEXTO COMENTADO

IV. ACTIVIDADES

V. PATRÓN PARA A AUTOCORRECCIÓN

I. QUE É?

Consiste en expresar organizada e claramente unha valoración argumentada sobre un texto dado.

Vanse valorar, polo tanto, dúas cuestións:

- A túa capacidade crítica:** debes demostrar que tes os teus propios coñecementos e opinións e que sabes razoar a partir deles para contrastalos co que se di no texto.
- A túa expresión lingüística:** debes demostrar que es capaz de expresar as túas ideas de xeito organizado, correcto e eficaz.

Daquela, non debes empregar o comentario crítico para:

- Expoñer todos os coñecementos que posúas sobre o tema proposto, tomando o texto como un pretexto.
- Expresar coñecementos moi xerais que poidan aplicarse a calquera texto, pero que non achegan nada relevante nin orixinal sobre o que se propón.
- Tomar o texto como unha escusa para comentar cuestións secundarias ou alleas ao tema.
- Repetir un resumo ampliado ou realizar unha paráfrase do texto proposto.
- Adoptar un ton polémico, agresivo ou “de peloteo”. Nin o eloxio excesivo nin a crítica feroz son mostras de maior madurez, senón todo o contrario. Debes moderar as túas opinións, tanto no contido coma na forma, e expoñelas sen medo, pero sempre de xeito razoado.

II. COMO SE FAI UN COMENTARIO CRÍTICO?

O comentario ten dúas vertentes: as opinións e a correcta expresión desas opinións. As dúas son igualmente importantes no resultado final. Para saber o que pensas sobre un texto antes tes que comprendelo e para garantir unha correcta exposición do teu pensamento convenche realizar un borrador. Por iso imos distinguir unha fase de preparación e outra de redacción do comentario.

II. 1 PREPARACIÓN DO COMENTARIO

II.1.1 Que di o texto?

1º Dálle unha **lectura xeral** ao texto e soluciona todas as dúbidas sobre o **significado** das súas palabras.

2º Realiza unha **segunda lectura subliñando** o máis importante de cada parágrafo.

3º Extrae a **idea principal** de cada parágrafo e mais as **ideas secundarias**, intentando establecer relacións entre elas. Podes empregar as marxes para facer anotacións.

4º **Resume** o texto, así obterás unha expresión obxectiva das súas ideas fundamentais. Ten en conta que un resumo debe ser:

- breve pero completo. Elimina exemplos e adxectivacións
- obxectivo: non inclúas a túa opinión
- orixinal: non copies as palabras do texto, usa as túas; podes alterar a orde de exposición das ideas.

5º Establece o **tema** do texto. Lembra que se trata da súa idea central, non de feitos; se procuras non empregar verbos conxugados na súa expresión senón a estrutura substantivo abstracto + complementos terás máis garantías de éxito. Por ex. *Unha pateira chegou ás costas canarias* debes reconvertelo en algo como *Chegada dunha pateira ás costas canarias*.

II.1.2 Que opino sobre o texto?

Agora que xa sabes o que se di no texto tes que reflexionar sobre o que sabes ti dese tema e sobre o que pensas das ideas expresadas nel; todo o que expoñas terá que estar argumentado. Podes utilizar os seguintes tipos de **argumentos** (mellor se combinas varios):

- **Racionais:** son as ideas aceptadas pola maioría da xente por moral, principios, tradición... Ex.: *Evitar os accidentes de tráfico beneficianos a todas as persoas.*
- **De autoridade:** empregan o testemuño de persoas consideradas coñecedoras do tema; poden ser autores/as ou obras. Ex.: *Unha importante porcentaxe das vítimas que sobreviviron a graves accidentes coincide ao sinalar a posibilidade de evitalos se se circulase a menor velocidade.*
- **De feito:** ofrecen probas reais dos feitos. Ex.: *Segundo un estudo realizado recentemente, prodúcese un 70% máis de accidentes cando as condicións climáticas son desfavorábeis.*
- **De exemplo:** un caso concreto serve como exemplo das ideas que se queren defender. Ex.: *Un claro exemplo constitúe o accidente acontecido en Vila de Cruces o mes pasado. Se a estrada non estivese mollada e se se mantivese a distancia de seguridade, podería evitarse o impacto.*
- **De experiencia persoal:** empregan as propias vivencias ou experiencias para apoiar unha idea. Este tipo de argumentación daralle orixinalidade ao teu comentario, pero non é suficiente por si soa nin debes abusar dela caendo no anecdótico. Ex.: *Eu mesma me teño visto envolta en máis dunha ocasión en accidentes deste tipo.*
- **De analogía:** compáranse dúas situacións semellantes. Ex.: *No mes de agosto deste ano producíronse 67 accidentes menos que o ano pasado.*
- **Legais:** acódesse ao establecido na lexislación. Ex.: *Segundo as leis vixentes é obrigatorio o uso do cinto de seguridade nos asentos traseiros.*

II.1.3 Como expreso a miña opinión?

Agora que xa sabes o que pensas tes que expresalo. Para garantir a calidade e a rapidez da redacción definitiva do comentario convenche realizar un borrador. Atende ás seguintes pautas:

- A extensión aproximada do comentario son 20 liñas e non terás moito tempo, así que debes seleccionar e organizar ben as túas ideas.
- É recomendable que o texto presente tres partes: introdución, desenvolvemento e conclusión. (Daquela deberá contar, como mínimo con tres parágrafos). Nesta fase debes esquematizar o que vas incluír en cada unha.
 - i. **Introdución:** debe ser breve (un parágrafo) e pode enlazar coa lectura do texto, recollendo a súa idea principal (xa a terías determinada cando fixeches o tema do texto). Podes opinar sobre a importancia e actualidade do tema ou sobre a orixinalidade ou o enfoque co que está tratado o asunto.
 - ii. **Desenvolvemento:** é a parte máis extensa e pode conter máis dun parágrafo. Ordena e relaciona as túas ideas. Evita as contradicións, as repeticións e as afirmacións non razoadas.
 - iii. **Conclusión:** debe ser breve (un só parágrafo) e resumir a esencia do exposto anteriormente. O que expreses aquí vai ser o que configure a impresión xeral do comentario na mente de quen o lea, por iso convén meditalo ben.

II.2 REDACCIÓN DO COMENTARIO

Agora debes desenvolver o esquema-borrador. Non esquezas que é tan importante a corrección da expresión coma a calidade da túa argumentación. Consulta e aplica as seguintes recomendacións para redactar un texto correcto:

II.2.1 Cohesión

- **A orde das palabras:** procura manter a orde habitual das oracións, é dicir, SUX+PRED+COMPL posto que non estás elaborando un texto literario e ganarás en claridade. Os CC presentan moita mobilidade (poden colocarse ao comezo da oración, no medio ou ao final), pero evita que a súa posición provoque confusións; fíxate en: *Os médicos alertan sobre un virus que pode afectarlles aos nenos e nenas hoxe*; mellor sería: *Hoxe, os médicos alertan sobre un virus que pode afectarlles aos nenos e nenas*.

O tamaño das oracións: un texto integrado unicamente por oracións breves pode resultar difícil de interpretar porque non se expresan as relacións que se establecen entre elas. Pola contra, as oracións excesivamente longas tamén poden escurecer o sentido, ademais de resultar máis complexo escribilas sen erros. Polo tanto, **debes procurar combinar os dous tamaños, pero lembra que as oracións máis extensas non deberían superar as 30 palabras**. Para poñer en práctica esta recomendación deberás usar adecuadamente os signos de puntuación e mais os nexos.

Ademais, canto máis longa sexa unha oración máis posibilidades terás de cometer erros coma o **anacoluto** (ruptura sintáctica da oración). Este erro é frecuente con oracións de relativo: **Os obreiros que estaban abrindo a rúa para instalar o cableado de fibra óptica e que xa levan dúas semanas traballando*; esta oración está incompleta porque non ten verbo principal, de maneira que non sabemos "que lles pasou" a eses obreiros. Teríamos que completar a oración, por exemplo: *Os obreiros que estaban abrindo a rúa para instalar o cableado de fibra óptica e que xa levan dúas semanas traballando remataron hoxe, por fin*.

- **Os nexos:** con frecuencia empréganse conxuncións inadecuadas ou abúsase das mesmas, sobre todo *e*, *pero* ou *que*. Para non reiterar a conxunción copulativa podemos acudir á puntuación ou, se é posible, cambiala por un nexo subordinante. Deseguido presentámosche un cadro cos nexos subordinantes máis usuais (polo tanto, os que máis se repiten) e as posibles alternativas para cada caso:

Tipo de nexo	Nexo habitual	Outros nexos alternativos
Adversativos	<i>pero</i>	<i>mais, así a todo, senón, non obstante, porén, no entanto, con todo</i>
Concesivos	<i>aínda que</i>	<i>a pesar de que, malia que, ben que, mesmo que</i>
Condicionais	<i>se</i>	<i>como, con tal que, en caso de que, sempre que</i>
Causais	<i>porque</i>	<i>xa que, posto que, dado que, a causa de que, por mor de, pois</i>
Consecutivos	<i>polo tanto</i>	<i>tan/tanto...que, así que, de modo que, de xeito que, de maneira que, daquela, por conseguinte, xa que logo</i>

Non esquezas que non son normativos os nexos **sen embargo* e **anque*; no lugar do primeiro usaremos *porén, no entanto, así e todo* ou *non obstante* e para substituír o segundo serviranos calquera dos concesivos.

Para realizar un comentario emprégase un tipo de texto expositivo-argumentativo, polo que che van ser de utilidade tamén estoutros conectores:

Nexos aditivos	Aínda máis, incluso, á parte, asimesmo, alén diso, ademais Polo demais, é máis. Analogamente, igualmente, de igual modo/ xeito /maneira, do mesmo modo/ xeito/ maneira, de modo/ xeito / maneira semellante. Por outro lado, por outra parte, por parte. Tamén, tampouco
Nexos de oposición ou contraargumentación	Antes ao contrario, polo contrario, non obstante, con todo, porén, aínda así, agora ben, de todas formas (maneiras, modos, os xeitos), de calquera modo (maneira, forma, xeito), despois de todo, en calquera caso, en todo caso, sexa como sexa, sexa como for, en todo caso, opostamente, en contraste, por outra parte...
Nexos ordenadores do discurso	Xenéricos: Para comezar, despois, por outra parte. Enumerativos: en primeiro lugar, en segundo lugar, nun segundo momento, segundo, logo, despois, enseguida, a continuación, ademais, por outra parte, primeiro, segundo... De peche: por último, en fin, por fin, finalmente, en resumo, en suma, en conclusión, total, nunha palabra, en poucas palabras, brevemente, dito doutro modo... De apertura: Ante todo, para comezar, en principio, por certo, a propósito, a todo isto, o caso é que, pois... De continuación: ben, pois, entón, pois entón.

Nexos explicativos	Puramente explicativos: é dicir, isto é, ou sexa, a saber, quero dicir, ou o que é o mesmo. De conclusión: en conclusión, en fin, total, pois ben, ben, en definitiva, en suma. De recapitulación: en resumo, en fin, total, pois ben, ben, en definitiva, en suma, a fin de contas, en resumidas contas, definitivamente, á fin e ao cabo. Exemplificadores: así, por exemplo, a saber, poño (poñamos) por caso, valla como exemplo, concretamente, sen ir máis lonxe, máis concretamente, ou sexa, é dicir.
---------------------------	--

En relación ao uso dos relativos, lembra as seguintes pautas para non cometer erros:

1. Relativo *onde*: só se pode empregar con antecedente de lugar e non admite preposición *en* (**en onde*).
2. Relativo *quen*: é invariable, non ten plural (**quenes*).
3. Relativo *cuxo/a, cuxos/as*: forma normativa de carácter culto; é adecuada para este tipo de textos.
4. Cando pertencen a unha frase preposicional dependente dun verbo, non cómpre esquecer a preposición: **As rapazas que che falei onte* non é correcto porque o verbo *falar* esixe neste contexto a preposición *de*: *As rapazas das que che falei onte* ou *As rapazas de que che falei onte* (son correctas as formas con ou sen artigo nestes contextos: *de que* ou *das que, en que* ou *no que*).

II.2.2 Adecuación

O rexistro adecuado para un comentario é o **formal**, así que procura manterte dentro das súas características e evitar as caídas de rexistro. Repasa as características de cada un deles:

Rexistro formal	Rexistro informal (Evítalo no teu comentario)
Información ben seleccionada e organizada	Adoita repetirse a información
Corrección morfosintáctica	Problemas de concordancias e oracións sen rematar
Tecido sintáctico ben construído con emprego de oracións compostas	Tendencia a usar oracións simples ou abuso das coordinadas con <i>e</i>
Riqueza léxica con uso de sinónimos e hiperónimos	Léxico repetitivo
Léxico preciso, mesmo con emprego de vocabulario especializado	Utilización de palabras comodín, frases feitas, expresións de apoio e xergas
Ton impersoal e máis distante; tratamento de vostede	Ton próximo aos interlocutores: tratamento de ti, vocativos, pronomes de solidariedade e diminutivos.

II.2.3 Coherencia

Debes facerte entender dicindo o que queres dicir. A información que queiras transmitir ten que cumprir unha serie de requisitos:

- Estar organizada de xeito lóxico, agrupando as diferentes ideas en parágrafos. A medida que avance o texto irás introducindo progresivamente ideas novas.
- Ser completa e suficiente (non poden quedar lagoas), pero non ser redundante: non repitas o xa exposto nin "metas palla".
- Non pode ser contraditoria e debes expoñela de xeito claro, comprensible e sen rodeos.

II.2.4 Corrección léxica

Os erros máis frecuentes a nivel léxico son os seguintes:

- **Castelanismos**: lembra que *rasgos* e *reflexar* son castelanismos, as formas galegas son *trazos/riscos/características* e *reflectir*.
- **Léxico repetitivo**: evítalo empregando sinónimos, antónimos, hiperónimos ou a substitución pronominal.
- **Palabras comodín**: son termos de significado tan amplo que encaixan en múltiples contextos. *Cousa, tema, facer, dicir, ter, poñer, importante, bo, malo, haber* son algunhas das máis frecuentes. Procura outras máis exactas.
- **Impropiedades léxicas**: consisten no emprego erróneo dunha palabra porque se lle atribúe un significado que non é o seu propio. Os termos confúndense porque posúen significados similares ou porque se parecen fonicamente. Se non tes claro o significado dunha palabra, busca outra alternativa.
- **Falta de precisión**: presenta tres formas:
 - **Os circunloquios**: uso dun grupo de palabras para expresar unha idea que se podería expor cunha soa. Este tipo de expresións habitualmente están constituídas por un verbo comodín + complementos. Exemplos: *facer uso de, estar en posesión de, dar comezo a...* no lugar de *usar, posuír* ou *comezar*, respectivamente.

- **Os sinónimos consecutivos:** ás veces, para dar a sensación de que posuímos moitos coñecementos, encadeamos varios termos que significan o mesmo; a nosa expresión perde inmediatez e non gana eficacia. Ex.: *Trátase dunha medida conveniente e aconsellable.*
- **As redundancias:** consisten no emprego innecesario dunha palabra para completar outra. Ex.: *subir arriba, progresar cara adiante ou perruca postiza.*
- **Linguaxe sexista:** consiste en utilizar palabras ou estruturas discriminatorias, aínda que gramaticalmente non son incorrectas. A lingua non é sexista, pero si o pode ser o uso que fagas dela. Calquera uso dun idioma que invisibiliza as mulleres debe ser rexeitado a favor, na medida do posible, de formas non sexistas de expresión. O emprego da arroba (@s mox@s) non se recomenda porque non é un signo lingüístico e presenta problemas á hora da lectura. Bota man das seguintes posibilidades:
 - **Empregar os dous xéneros e a flexión de xénero sempre que sexa posible:** *as rapazas e os rapaces; o xuíz, a xuíza.*
 - **Empregar substantivos colectivos ou abstractos:** *o alumnado, o profesorado, as persoas interesadas.*
 - **Empregar as barras:** *A/o alumna/o,* só cando non se che ocorra outra alternativa.

Aquí tes unha listaxe de alternativas recomendables:

FORMA NON RECOMENDABLE	FORMA RECOMENDABLE
o director do centro	a dirección do centro
o home	os seres humanos, a humanidade
o interesado	as persoas interesadas
o xefe de estudos	a xefatura de estudos
os afeccionados	a afección
os afectados	as persoas afectadas
os alumnos	o alumnado
os cidadáns	a cidadanía
os galegos	o pobo galego
os inmigrantes	a poboación inmigrante
os maiores	as persoas maiores, a xente maior
os mozos	a mocidade, a xente nova
os nenos	a infancia
os pais	as nais e pais
os profesores	o profesorado
os solicitantes	as persoas que o soliciten
os traballadores	as persoas traballadoras, o persoal
os veciños	a veciñanza

Repasa a formación do feminino para aquelas ocupacións e profesións que tradicionalmente só eran desempeñadas por homes. As regras xerais son as seguintes:

1. Marcan o xénero feminino mediante sufixos os seguintes substantivos:
 - os rematados en *-o* ou *-e* cámbianos por *a*: *bombeiro/bombeira, xefe/xefa*
 - os rematados en *-or* ou *-iz* engaden *-a*: *conductor/conductora, aprendiz/aprendiza*
 - os rematados en *-án* fan o feminino en *-á* ou, se son pexorativos, en *-ana*: *artesán/artesá, charlatán charlatana*
2. Marcan o xénero feminino mediante o emprego do artigo:
 - os rematados en *-ar* ou *-al*: *o/a auxiliar, o/a oficial*
 - os rematados en *-nte*: *o a estudante*
 - os rematados en *-able*: *o a contable*
 - os rematados en *-ense*: *o/a forense*
 - os rematados en *-a* no masculino: *o/a electricista*

II.2.5 Corrección morfolóxica

Préstalles atención aos seguintes aspectos:

- **Concordancias:**
 - O suxeito concorda en número e persoa co predicado: *As rapazas e rapaces estiveron de acordo coa proposta dunha excursión á neve.* No entanto, aínda que o suxeito sexa un

substantivo colectivo, o predicado debe manterse en singular, dado que o suxeito formalmente segue sendo un singular: *O grupo estivo de acordo coa proposta dunha excursión á neve*. Unicamente no caso de que o substantivo leve un complemento que especifique os elementos que o compoñen podemos admitir as dúas posibilidades, a concordancia formal (*O grupo de rapazas e rapaces estivo de acordo coa proposta dunha excursión á neve*) e a concordancia polo sentido (*O grupo de rapazas e rapaces estiveron de acordo coa proposta dunha excursión á neve*).

- Os adxectivos concordan en xénero e número cos substantivos cos que se relacionan; cando se refiren a máis dun substantivo teñen que ir en plural: *Regaláronlle un libro e un CD preciosos*. Cando os substantivos teñan distinto xénero, a concordancia realízase en masculino plural: *Regaláronlle un libro e unha película preciosos*; nestes casos pódese alterar a orde dos elementos, colocando o masculino ao final para que a concordancia resulte menos brusca: *Regaláronlle unha película e un libro preciosos*.
- Atención cos substantivos que presentan un xénero diferente ao do castelán e non esquezas as concordancias correspondentes. Daquela, tanto **Ata os paxaros estaban hoxe abafados con este calor de outubro, xa tan inesperado* coma **Ata os paxaros estaban hoxe abafados con esta calor de outubro, xa tan inesperado* serían formas incorrectas por *Ata os paxaros estaban hoxe abafados con esta calor de outubro, xa tan inesperada*.
- **Artigos e pronomes:**
 - As palabras de xénero feminino levan sempre artigo *a*, aínda que comecen por esta mesma vogal; polo tanto, *a aula, a acta, a auga* ou *a alma*.
 - Non esquezas a distinción de número entre *lle/lles*.
 - Coidado cos verbos que, por influxo do castelán, se empregan co pronome de CI cando en galego lles corresponde o de CD. Fíxate nos seguintes exemplos:

Incorrecto	Correcto
<i>*Saúdalle atentamente.</i>	<i>Saúdaa atentamente.</i>
<i>*Convídoche a xantar.</i>	<i>Convídote a xantar.</i>
<i>*Chamo para informarlle de que o meu fillo está enfermo.</i>	<i>Chamo para informala de que o meu fillo está enfermo.</i>
<i>*Xa lle avisei de que ía chegar tarde.</i>	<i>Xa o avisei de que ía chegar tarde.</i>
<i>*Obrigoulle a comer toda a comida.</i>	<i>Obrigouno a comer toda a comida.</i>

- **Indefinidos:**
 - A forma *elo* non existe en galego; no seu lugar debes empregar *isto*.
 - As formas *mesmo/a, mesmos/as* non se poden empregar con valor pronominal. Oracións como **Explica a importancia do Grupo Nós e cita tamén os integrantes do mesmo* deben ser redactadas como *Explica a importancia do Grupo Nós e cita tamén os seus integrantes*.
 - As formas *ambos/as* teñen que levar sempre artigo antes do substantivo ao que acompañen: *En ambos os casos, a solución atopouse falando abertamente*.
 - Nas oracións negativas non se poden empregar os indefinidos positivos *algún, algunha, algúns, algunhas*: **Non tiña dúbida algunha de que o farías moi ben* debe ser corrixido por *Non tiña ningunha dúbida de que o farías moi ben*.
 - *Calquera* é unha forma única e invariable; xa que logo, non son correctas **calqueira, *calquer* ou os seus plurais teóricos.
 - As formas *algún, algunha, algúns* e *algunhas* contraen coa preposición *de* (*dalgún, dalgunha, dalgúns, dalgunhas*), pero non sucede o mesmo con *algo* (**dalgo*).
- **Verbos:**
 - O infinitivo nunca pode ser o verbo principal dunha oración, sempre ten que ser introducido por outro: **En relación a Castelao, dicir tamén que o seu labor foi moi importante a nivel político* debe ser redactado *En relación a Castelao, cómpre / hai que dicir tamén que o seu labor foi moi importante a nivel político*.
 - A construción *a+infinitivo* con valor de futuro non é correcta: **O texto a comentar é un poema de Carlos Negro* pode substituírse por *O texto que imos comentar é un poema de Carlos Negro* ou *O texto para comentar é un poema de Carlos Negro*.

II.2.6 Ortografía e puntuación

- Repasa os **tils** diacríticos e lembra que *ademaís* non leva til e que **dalí* é incorrecto, non se contrae.
- **Maiúsculas e minúsculas:** recorda que as maiúsculas tamén levan til. Repasa o emprego dos casos dubidosos:

MAIÚSCULA	MINÚSCULA
1. Sobrenomes e pseudónimos: <i>o Furias, a Raxada...</i> 2. Os cargos precedidos dunha forma protocolaria: <i>O Ilustrísimo Señor Alcalde</i> 3. As abreviaturas dos tratamentos de respecto: <i>Sra., Vde.</i> 4. Institucións, organismos, empresas e outras entidades: <i>Concello de Vila de Cruces, Universidade de Santiago...</i> 5. As festividades cívicas, políticas e relixiosas: <i>o Entroido, o Día da Patria Galega...</i> 6. As etapas e acontecementos históricos singulares ou movementos artísticos e culturais: <i>a Revolución Francesa, a Guerra Civil, o Rexurdimento, a Idade Media...</i> 7. Os títulos de obras literarias empregan a maiúscula só na primeira palabra: <i>Follas novas, Herba moura...</i> 8. Nos títulos de revista e xornais van maiúscula as palabras con relevancia semántica: <i>A Nosa Terra, Faro de Vigo...</i> 9. As carreiras, especialidades e materias: <i>a carreira de Tradución e Interpretación, as Ciencias Sociais...</i> 10. As siglas: <i>DOG, DNI, IES, UE...</i>	1. Os cargos ou títulos cando non van precedidos de tratamento específico: <i>Nomearon unha nova directora no noso centro.</i> 2. Os tratamentos de respecto na súa forma plena: <i>don, dona, o señor Rodríguez, a señora Chao</i> 3. Os puntos cardinais: <i>Galiza limita ao sur con Portugal.</i> 4. As denominacións xenéricas de institucións, organismos ou empresas: <i>as universidades, o departamentos de normalización lingüística....</i> 5. Os días da semana, os meses e as estacións do ano 6. As partes xenéricas das obras e dos documentos: <i>o capítulo 20, o apartado b, o prólogo...</i> 7. Os tipos e niveis de estudos: <i>a formación profesional, o bacharelato, o doutoramento...</i>

- **Puntuación:**
 - **punto:** lévano sempre as abreviaturas (*Sra., páx.*), pero non se usa nunca nos símbolos (*cm, km/h*), nas siglas (*DNI, IES*), nas cifras que indican anos (*2008*), nas cantidades de catro cifras (*1000 €*), nos títulos nin despois dos signos de interrogación e exclamación.
 - **coma:** non se pode usar entre o SUX e PRED nin entre este e o CD, CI ou SUPL; tampouco antes do *etc.* das enumeracións (*Vendía revistas, xornais, libros etc.*) nin naquelas enumeracións que levan *e, nin, ou* a non ser que se repitan máis de dúas veces: *Nin o xoves, nin o venres, nin o luns: non quero ir.*
 - **dous puntos:** debes utilízalos antes das citas textuais, que deberán comezar por maiúscula e ir entre comiñas. Nunca se usan entre o verbo e os seus complementos: **A proposta era: innovadora, dinámica e moi educativa.*
 - **puntos suspensivos:** son sempre tres puntos. Nun comentario non abuses deles nin da abreviatura *etc.* porque serían unha evidencia de que os teus coñecementos son limitados.
 - **comiñas:** úsaas para as citas, para destacar unha palabra (porque é vulgar, estranxeira, técnica, incorrecta...) e para os títulos de partes de obras ou titulares de noticias.
 - **parénteses:** só podes colocar entre parénteses aclaracións prescindibles, de xeito que se as suprimes o texto continúe tendo sentido completo. Coa mesma función podes empregar o trazo. É habitual usar parénteses para indicar o lugar e a data de nacemento dun autor/a: *Séchu Sende (Padrón, 1972) acaba de publicar Made in Galiza.*
 - **signos de exclamación e interrogación:** desde a reforma de 2003, só se empregan os de peche, agás nos casos en que poida haber confusión.

II.2.7 Presentación

- **Caligrafía:** que sexa o máis clara posible; polo tanto, evita
 - a letra pequena de máis
 - escribir as palabras demasiado xuntas
 - escribir de xeito moi semellante as letras *n* e *m* ou *n* e *u*, porque provocan confusións
 - non diferenciar os tiles dos puntos da letra *i*.
- **Limpeza do texto,** sen manchas, riscaduras nin borróns. Se empregas un corrector líquido non esquezas escribir o texto cando seque!
- **Marxes:** un escrito ben presentado debe ter catro marxes (arriba, abaixo, á esquerda e á dereita).

- **Segmentación das palabras:** realiza adecuadamente a partición das palabras cando chegues ao final da liña. Recorda as seguintes normas:
 - Os dous elementos dun dígrafo non se poden separar: *re-chamante, algu-nha*
 - Evita que quede soa unha vogal no comezo ou no final da liña: **a-facerse, *fíxo-o*. Polo tanto, lembra que a forma *unha* non se debe dividir nunca.
 - Cando hai dúas vogais xuntas só se poden separar se forman hiato, pero non nos ditongos: **despo-is, ra-íña*.

III. TEXTO COMENTADO

(Adaptado de A. Nieto e X. Troitíño: *Lingua e literatura galega 2º bacharelato*, Anaya, 2001)

“A sedución do diñeiro”

Tan decisiva é a sedución dos cartos, que a súa influencia resulta determinante incluso nos asuntos máis conflictivos. Alí onde as paixóns políticas ou raciais parecen irreconciliables, a baza crematística termina sempre gañando a partida. Baluarte poderoso, eu diría que invencible, é o diñeiro. (...) As guerras –sobre todo as modernas- non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñanas os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.

Un exemplo de que isto é así, témolo no caso da detención do ex presidente de Iugoslavia Slobodan Milosevic. Tras a súa derrota democrática a mans de Vojislav Kostunica, ao ser acusado de crimes contra a humanidade por unha Corte Internacional e por crimes de guerra ante o Tribunal Penal do seu país, o ditador buscou refuxio na súa casa das aforas de Belgrado. (...) Realizábanse conversas a todos os niveis, pero Milosevic seguía tan cheo de razón na súa residencia, incluso fachendeando do poder que xa non tiña.

Pero son comprensibles os titubeos do goberno de Kostunica ante un caso tan complicado como a detención e o proceso de Milosevic, ao que o exército aínda respecta. Os exércitos, xa se sabe, acostuman ser moi respectuosos cos ditadores. En Chile co xeneral Pinochet, aquí con Franco. Pero volvo ao primeiro deste artigo: o diñeiro manda. Whashington recordoulle a Belgrado que se encontra conxelada unha partida de cincuenta millóns de dólares para axudar a Iugoslavia se de verdade quere entrar no camiño da democracia, anunciando, ademais, que de non ser así vetaría o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial e outras institucións financeiras para calquera axuda ao país balcánico. E a data límite cumpría co mes de marzo.

Polo tanto, como “money is money”, o goberno de Kostunica acabou coas arrogancias de Milosevic e dos seus afoutos defensores. Comprenderon, uns e outros, que sen a axuda norteamericana, a reconstrución de Iugoslavia non pasa de ser unha utopía, polo que a orde do xuíz se produciu antes de que se cumprira o prazo dado pola Administración estadounidense, e a estas horas Milosevic xa non depende dos seus incondicionais, senón da xustiza iugoslava. (...)

José López: *O Correo Galego*, 3-4-2001

1. Subliña as ideas fundamentais do texto.

2. Resume o seu contido.

Actualmente, no mundo case todo se move por cartos, fundamentalmente cando se trata de cuestións políticas.

Un exemplo disto témolo no que sucedeu co ex presidente iugoslavo Milosevic, quen, malia ser acusado de crimes de guerra e crimes contra a humanidade, permanecía na súa residencia sen que o goberno de Kostunica fixese nada para detelo. No entanto, foi a ameaza norteamericana de conxelar todas as axudas económicas a Iugoslavia a que provocou a mobilización instantánea do goberno do país e a inmediata detención de Milosevic, porque a reconstrución de Iugoslavia só pode ser realizada coa axuda económica internacional.

3. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias.

1. O poder dos cartos é grande no mundo.
 - 1.1 Os países economicamente poderosos son os que gañan as guerras e manexan a política no seu favor.
2. Un exemplo é a detención de Milosevic.
 - 2.1 Inoperancia do goberno iugoslavo
 - 2.2 Ameaza norteamericana de conxelar as axudas económicas para a recuperación de Iugoslavia
 - 2.3 O goberno de Kostunica detén a Milosevic.

4. Indica o tema do texto.

O poder dos cartos na política internacional

5. Comenta criticamente a seguinte afirmación: “As guerras –sobre todo as modernas- non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñanas os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.”

Hoxe, máis ca nunca, os cartos mandan. Os gobernos dos países economicamente poderosos son os que deciden boa parte da política dos menos desfavorecidos. Teñen capacidade e carta branca para intervir noutros países se así o deciden, para colocar neles gobernantes do seu interese ou para activa e desactivar a súa economía.

Por exemplo, cando os conflitos bélicos afectan aos países ricos –coma no caso de Iugoslavia-, os norteamericanos e os seus aliados interveñen para solucionar o problema; porén, se o conflito se produce nun país pobre e no que as nacións desenvolvidas apenas teñen intereses, déixase que os intervenientes se maten entre si, coma no caso de moitos países africanos (Ghana, Zimbawe) ou de pobos que a comunidade internacional tenta ignorar (kurdos, chechenos...)

Na era da democracia, vivimos máis ca nunca baixo a ditadura dos cartos.

IV. ACTIVIDADES

1. Le con atención o seguinte texto e consulta as dúbidas semánticas que teñas:

Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en se-lo rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa omnipresenza. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, a tele provoca certa adicción (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados). Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificador, edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

José Miguélez Giráldez

2. Observa agora os segmentos subliñados. Pensas que se corresponden co esencial do texto ou sobra ou falta algo?

3. Completa o esquema coas ideas principais e secundarias do texto anterior:

1. A sociedade actual está controlada e dirixida pola televisión.
 - 1.1 Quen controla a televisión posúe o poder tanto a nivel familiar como social.
2. As razóns do seu poder son que chega a todas partes e ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.
 - 2.1
 - 2.2 Converteuse nun electrodoméstico imprescindible.
 - 2.3
3. Culturalmente é un produto de escasa calidade, aínda que chegue a todo o mundo.

4. Aquí temos tres propostas de resumo dese texto. Selecciona a que consideres máis adecuada, xustificando a túa resposta. Tamén deberás indicar que é o que falla nos outros resumos.

Proposta A

A sociedade actual está cada vez máis teledirixida e todos nos estamos convertendo pouco a pouco en Homo videns. Hoxe en día para ter poder hai que controlar a televisión, tanto a nivel familiar como a grande escala.

A súa influencia débese a un feito innegable: a súa onnipresenza. Pero, ademais disto, provoca adicción e deberían existir centros para a desintoxicación como xa os hai para os internautas. A mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda, vézola mesmo aínda sen querer, non é coma cun libro. Converteuse nun electrodoméstico imprescindible no fogar, por encima da lavadora ou do lavalouza. O libro, en cambio, converteuse en elitista e minoritario, mentres que a tele entra nas nosas vidas con facilidade.

A televisión é para a cultura o mesmo que a hamburguesa para a gastronomía, unha comida rápida pero estendida por todas partes.

Proposta B

A sociedade actual está dirixida pola televisión, quen a controla posúe o poder. As razóns do seu éxito son dúas: está en todas partes e a súa mensaxe é sinxela e chéganos comodamente. De feito, converteuse en electrodoméstico imprescindible dado que o seu uso non require ningún esforzo, ao contrario do que sucede cos libros, reducidos por iso mesmo ao ámbito do minoritario. A súa calidade cultural é escasa, pero é un produto de consumo universal.

Proposta C

A sociedade actual está dirixida pola televisión ata o punto de que o poder está nas mans dos que a controlan, tanto a nivel familiar como xeral. A súa influencia débese a que está en todas partes, aínda que reciba críticas e provoque adicción. Ademais disto, o seu éxito ten que ver con que a súa mensaxe se nos transmite de xeito sinxelo e cómodo, sen que requira un esforzo pola nosa parte. Isto é o que a diferencia dos libros, considerados cada vez máis elitistas e minoritarios; fronte a eles, a tele penetra doadamente nas nosas vidas, aínda que a súa mensaxe non sexa moi fiel á realidade. Non obstante, culturalmente a tele é coma unha comida rápida: un produto de escasa calidade pero que chega a todo o mundo.

5. Imos co tema do texto. Numera do 1 ao 4 as seguintes propostas segundo o seu grao de adecuación ao texto proposto. Se entre elas non atopas ningunha totalmente adecuada, escribe ti outra.

- A TV controla a sociedade actual porque chega a todas partes e é sinxela.
- A TV na sociedade actual
- O poder da TV na sociedade actual
- A omnipresenza e inmediatez da TV

6. Supoñamos que imos elaborar un comentario crítico sobre o exposto no texto. Ofrecémosche unha serie de argumentos, indica de que tipo son e cales serían pertinentes para o comentario e cales non; xustifica a túa resposta.

1. A televisión dirixe, modifica e uniformiza as nosas vidas: os hábitos de vida das persoas ou o aspecto das cidades son cada vez máis parecidos nas distintas partes do mundo.
2. Un exemplo do seu poder uniformizador podería ser a extensión da figura de Papá Noel por todo o mundo, que agora adorna as nosas casas no Nadal e marca o día dos regalos.
3. Segundo un estudo, a mocidade galega ve a televisión unha media de 3 horas por día.
4. O éxito da TV tamén se debe a que é barato acceder a un televisor e non hai que pagar por vela.
5. Os especialistas en psicoloxía advirten que os valores transmitidos a través da televisión non son sempre os desexables.
6. A socióloga María Bernárdez sinala que o éxito da televisión ten moito que ver cos valores da sociedade actual: prefírese todo aquilo que nos supoña o mínimo esforzo.
7. Non coñezo ninguén que non teña tele na casa.
8. Cando podo escoller entre ver a película ou ler o libro, con frecuencia elixo a película porque é máis rápido e cómodo. Porén, non me enriquece tanto como cando leo xa que na lectura teño máis liberdade para imaxinar e podo acceder a coñecementos e sensacións que non se dan transmitido nun filme.

7. Agora realiza un comentario crítico do texto da televisión ou dun dos catro seguintes:

Hai linguas que xa se defenden por si soas, e ás que se lles outorga un grao de respectividade máis alá de dúbidas e discusións. É por iso que cómpre insistir especialmente na defensa das linguas ameazadas e na proclamación da bondade e viabilidade das que non teñen á súa beira o poder dun estado e o prestixio da economía e o comercio internacionais.

Temos que nos convencer de que toda lingua é apta para a ciencia, a economía, a educación, o dereito, a literatura e os grandes medios de comunicación. Ningunha lingua impón restriccións ao pensamento e á expresión, senón todo o contrario: as linguas fannos humanos e somos nós os que podemos, con calquera lingua, mover o mundo e as súas forzas. É preciso, polo tanto, que arredemos os complexos: a nosa lingua é tan válida coma calquera outra; é a lingua do noso mundo e pode ser, con todo dereito, a lingua de expresión científica, económica, xurídica, educativa, artística e dos grandes medios de comunicación e de lecer. E se non o conseguimos con obstinación, se perdemos o orgullo e a vontade de ser como somos e de falar como falamos, a nosa lingua entrará no camiño escuro da extinción, condenada a vivir recluída en cantos folclóricos e en publicacións de vía morta. É isto o que, ao cabo, temos que evitar, se queremos manternos coma un pobo diferente, irmán de todos os outros pobos que falan diferente sobre a terra.

Jesús Tusón: *Mal de linguas*, 1990

Redacta un comentario crítico sobre as ideas expostas polo autor do texto.

O home atopa sempre o xeito de converter a practicidade en superfluidade. As épocas máis avanzadas das civilizacións diferéncianse das que aínda se achán no lento e traballoso proceso de zumegar de si unha cultura, precisamente na súa capacidade para produciren, directamente, e sen case transitaren polo práctico e funcional, toda clase de ideas e obxectos innecesarios, e tamén na súa facilidade para converteren obxectos orixinariamente inútiles en cousas psicoloxicamente indispensables –as gravatas, a metafísica, a velocidade, o contrapunto musical- e así mesmo en dárenlles uso ornamental e igualmente van a obxectos nados para fins terminantemente prácticos.

E aínda se podería engadir que o home civilizado é un ser que de tal xeito pon o seu acento existencial no uso –ou desexoda maior suma de cousas superfluas, que chega a sentirse a si mesmo como unha superfluidade reflectida en sistemas filosóficos consistentes en preguntarse por que naceu, que fai neste mundo, e, de xeito moi teimudo, que farán del no outro cando xa, como tal home histórico, sexa a cousa máis superflua e inútil que poida pensarse. E cando logra cabalmente esa certeza dubitativa sobre si mesmo –e lógrao, máis ou menos, cada cincocentos anos-, sobreveñen os que na terminoloxía do ramo chaman os historiadores “períodos de decadencia”, que son aqueles en que o home comeza a ter conciencia de ser vítima das súas propias invencións superabundantes, mesmo as filosóficas. Chegado este caso, dedícase a esnaquizalo todo para comezar de novo. E así sucesivamente.

Todas estas altas especulacións –e moitas outras que poderían engadirse (...)– tráioas aquí a propósito do teléfono. ¿Haberá entre tódolos utensilios que nos subministró a técnica, obxecto máis útil e precioso? ¿E haberá entre todos eles, outro do que se faga un uso máis superfluo?

Adaptado de E. Blanco Amor, 1955

Fai un comentario sobre a utilidade e o uso que na actualidade se fai do teléfono móbil.

Ti que voltas, que desandas o camiño do mar, que vas para o recanto onde naciches, vai ver a meus pais, que alá quedaron roendo broa e partindo cadullos. Vainos ver pero non lles digas que caín dun tranvía e ando coxo; nin que agatuño cada día sobre unha morea de cisco e paso dez horas por xornada remexendo e entrecollendo porcalladas que bota a cidade; nin que vivo nun chafarís de casqueiros sen luz e sen auga de tubaxe; nin que lavo a miña roupa; nin que se me acabaron festas e domingos. Non lles digas do esforzo que me custa reunir os pesos para o xiro mensual da ‘axuda familiar’, nin que era unha trola eso de facer-a-américa e de que os cans andaban amarrados con trenlas de longaínzas. Non lles digas dos meus apertos, inda que son os de moitos, deses moitos coma min que tamén calan e acochan os seus fracasos. Que pensen que isto é de ouro e que os emigrantes somos felices.

Ou... se ben o cavilo case é mellor que lles digas a verdade. Eu nada explico nas cartas, pero ti, como cousa túa... Que se decaten do que é dar ó zoco polo mundo adiante e mastigar o pan que amasou o demo. Ti que voltas, que vas alá, di o que queiras. O que che pete. Que o saiban todo.

Xosé Neira Vilas, 2003

Á luz do dito na narración, fai un comentario sobre os éxitos e fracasos da emigración.

Hai pouco falei das desgracias que trae consigo o xogo; pois as que trae a bebida son máis negras e máis terribles. O borracho deixa de ser home para converterse en animal: salta dende o alto posto da razón que Deus nos deu ata o fondo do abismo escuro da nada: ata a loucura.

Paso por alto o que se refire á cuestión de cartos que se gastan neste vicio tan indecente que ó cabo da vida regular significan un pico. Hai outras con seguridade peores que son consecuencia fatal da borracheira: pérdese con ela o cariño, a familia, pérdese a consideración social e, o que é peor, a saúde (...)

O seu cheirume e o seu sabor fan o papel do canto da serea mitolóxica que querendo atraelos barcos para os sitios perigosos para que naufragasen, cantaba dunha maneira admirable e conseguía desa maneira atraelos e que fosen ó fondo do mar. O papel do alcohol ten moito parecido: atrae, engana, ata que consegue penetrar no estómago coas súas garatuxadas. Dentro xa, traballa como lle dá a gana: destrozando as nosas entrañas e roubándonos a razón (...)

Vou citar uns parágrafos de sabios coñecidos en todo o mundo para que se vexa que non falo de memoria: “a sede grande, a perda de apetito, as dispepsias, os cancros de fígado, moitas lesións do corazón e a loucura, son froitos do alcoholismo.” (Dr. Pou); “a bebida alcohólica é a vellez anticipada.” (Lanceraux); “o alcohol produce na actualidade máis desgracias cá peste, a fame e a guerra.” (Gladstone); “o alcohol non dá saúde, nin forza, nin calor, nin alegría: o único que dá son enfermidades.” (Tolstoy); “a terceira parte dos tolos que hai nos manicomios, son tolos debido ó alcohol.” (Sikorski) (...)

(...) Quixera que fose dalgunha utilidade canto levo dito e que os que teñen a desgracia de emborracharse, procurasen emendarse. Para ter todas as malas condicións, este vicio maldito ata ten a propiedade de non deixar a quen o ten, ata que o despacha para a sepultura.

O Tío Pepe. 20.11.1913

Tendo en conta as opinións dadas no cuarto parágrafo, reflexiona sobre os efectos do abuso das bebidas alcohólicas.

V. PATRÓN PARA A AUTOCORRECCIÓN

Cando entregues os teus comentarios non vai ser corrixidos de xeito tradicional, senón que se lle poñerán unha serie de marcas que pretenden indicar o tipo de erro que cometiches. Devolveránseche e deberás autocorrixirte e redactar unha nova versión do comentario para entregar, que será a que se puntuará. Utilizaranse as seguintes marcas de corrección:

Info +	Sobra información ou está repetida
Info-	Falta información
Info?	Información confusa, non se entende
Info↕	Información contraditoria
O.pal.	Orde das palabras: están mal colocadas ou a súa orde provoca confusión
T. or.	Tamaño da oración: é demasiado longa
E. nex.	Erro nos nexos, porque se repiten, son inadecuados ou faltan
E. rex.	Erro no rexistro porque se empregan trazos do rexistro informal
E. lex.	Erro léxico: castelanismos, repetición de léxico, comodíns, impropiedades ou imprecisións
E. morf.	Erro morfolóxico: nos artigos, pronomes, indefinidos, verbos...
E. conc.	Erro na concordancia
E. ort.	Erro ortográfico: tiles, grafías, maiúsculas/minúsculas
E. punt.	Erro na puntuación: faltan, sobran signos ou están mal colocados
E. pres.	Erro de presentación: caligrafía, limpeza, marxes, segmentación de palabras
L. sex.	Linguaxe sexista